

PROXECTO EDUCATIVO

CEIP SESTELO-BAIÓN
BAIÓN, VILANOVA DE
AROUSA



DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 11 de xuño de 2019

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO:11 de xuño de 2019

DATA 1ª REVISIÓN:

DATA 2ª REVISIÓN:

TÁBOA DE CONTIDO

1. ANÁLISE DO CONTEXTO	3
1.1. RESUMO HISTÓRICO	3
1.2. SITUACIÓN XEOGRÁFICA, SOCIOECONÓMICA E CULTURAL DA CONTORNA	3
1.3. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO	4
2. PRINCIPIOS, VALORES E SINAIS DE IDENTIDADE	4
3. O CENTRO	6
3.1. INSTALACIÓNS	6
3.2. HORARIOS XERAIS DO CENTRO	7
3.3. OFERTA EDUCATIVA, ÁREA DE INFLUENCIA E CENTROS ADSCRITOS 7	
3.4. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS	7
3.5. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES	8
3.6. PLAN DE AVALIACIÓN DO CENTRO	8
4. OBXECTIVOS	9
5. ESTRUTURA ORGANIZATIVA	11
5.1. ÓGANOS DE GOBERNO UNIPERSOAIS	11
5.2. ÓRGANOS COLEXIADOS	11
5.3. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE	12
A. CCP	12
B. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN	12
C. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA	13
D. EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES 13	
E. EQUIPO DE BIBLIOTECA	13
F. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DAS TIC	13
5.4. DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS (SECUNDARIA), EQUIPO DE CICLO (INFANTIL), EQUIPO DOCENTE (PRIMARIA)	13
6. DOCUMENTOS QUE FORMAN PARTE DO PROXECTO EDUCATIVO	14
7. REVISIÓN, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA	14

1. ANÁLISE DO CONTEXTO

1.1. RESUMO HISTÓRICO

O CEIP Sestelo Baión nace como centro público educativo no ano 1989 para dar resposta á forte demanda de prazas escolares da zona e integrar o alumnado de diversos centros e etapas educativas nun único centro escolar.

No hall do colexio hai unha escultura realizada por José Manuel Grangel, o primeiro director deste colexio, que representa a importancia da transmisión de contidos dunhas xeracións a outras, xeracións de alumnos e alumnas que rematarán o seu ensino converténdose en novos mestres e mestras, en novos médicos, novos administrativos e un sen fin de profesións, pero sobre todo, en persoas cheas de valores persoais e democráticos tan importantes para convivir en calquera sociedade.

1.2. SITUACIÓN XEOGRÁFICA, SOCIOECONÓMICA E CULTURAL DA CONTORNA

O centro atópase no lugar de **Sestelo**, na parroquia de **Baión** e no extremo nororiental do concello pontevedrés de **Vilanova de Arousa**. Por esa condición de limítrofe, a parroquia de Baión está máis próxima ao núcleo urbano de Vilagarcía de Arousa (7km) e Caldas de Reis (9 km) que ao da súa propia capital municipal (13 km). Isto trae como consecuencia que a actividade social, comercial e lúdica dos seus veciños se desenvolva con maior frecuencia nestes lugares que na propia Vilanova de Arousa. Os lazos entre Baión e Vilagarcía son históricos pois durante un breve período do século XX formaron parte do mesmo concello.

A zona é eminentemente rural e conta con poucas infraestruturas, entre as que podemos nomear unha farmacia, diversos centros culturais e asociacións veciñais nas distintas parroquias.

Tamén hai unha Casa da Cultura, Pavillón Polideportivo e Campo de fútbol de herba sintética no Concello o cal se fai uso nalgunha actividade complementaria.

Con referencia ás institucións, a lingua empregada polo Concello entre o funcionariado e os cidadáns adoita ser o galego, así como a empregada polas entidades asociativas do contorno. Aínda así, podemos dicir que o

noso centro ten como lingua predominante entre o alumnado, o castelán. Xa que aproximadamente, a metade do noso alumnado procede da cidade de Vilagarcía de Arousa e ten como lingua materna o castelán.

1.3. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

Na actualidade o centro escolariza ao redor de 120 alumnos, sendo maioritariamente castelán falantes e de localidades limítrofes. O alumnado inmigrante é moi escaso e redúcese a países sudamericanos, polo que a adaptación ao idioma non é difícil.

O nivel de absentismo é escaso así como as condutas contrarias á convivencia

2. PRINCIPIOS, VALORES E SINAIS DE IDENTIDADE

OS PRINCIPIOS DO NOSO CENTRO BASÉANSE:

- No fomento dunha educación de calidade, mediante a formación integral dos alumnos en coñecementos, destrezas e valores, desenvolvendo o espírito crítico e a cultura do esforzo.
- Na educación para a prevención e resolución pacífica dos conflitos.
- Na promoción das relacións interpersoais e coa contorna social e cultural próxima, favorecendo a participación de toda a comunidade escolar.
- No desenvolvemento do currículo integrando o uso responsable dos instrumentos da sociedade da información e a comunicación.
- No desenvolvemento da competencia comunicativa nas distintas linguas.
- No fomento da innovación educativa e a súa integración xunto con metodoloxías tradicionais na vida do centro.
- No desenvolvemento da creatividade.

OS NÓSOS VALORES COMO COMUNIDADE EDUCATIVA BASÉANSE:

- Na equidade, asegurando a igualdade de oportunidades e o apoio específico necesario para logralo.
- Na competencia profesional docente, apostando pola mellora continua e comprometéndonos coa ensinanza e metodoloxías que garantan o desenvolvemento das competencias básicas por parte de todo o alumnado, especialmente a competencia comunicativa.

- Na iniciativa, responsabilidade e esforzo individual para regular a propia aprendizaxe.
- E na participación, acollendo a todas as familias e fomentando a colaboración, implicándonos coa contorna e o conxunto da sociedade.

AS SINAIS DE IDENTIDADE CÉNTRANSE NUNHA:

- **Escola de conciliación coa vida laboral das familias:** que ofrece servizos de Plan Madruga (dende as 7:30 horas da mañá), comedor escolar (de 14:00 a 16:00 horas) e varias actividades extraescolares polas tardes, ao remate do comedor escolar.
- **Escola de calidade para todos/as:** aberta a innovación metodolóxica, favorecendo unha aprendizaxe baseada na investigación, experimentación e reflexión da mesma na que o alumnado desenvolva ao máximo as súas capacidades.
- **Escola dixital:** en sintonía coa gran presenza que as novas tecnoloxías teñen no noso día a día, todas as aulas dispoñen de conexión á rede, ordenadores, encerados dixitais interactivas, así como de outros recursos TIC como tabletas dixitais, cámaras fotográficas, robots educativos, etc.
- **Escola que aposta pola diversidade e pluralismo:** a atención á diversidade de todo o alumnado impregna todas as actuacións curriculares e organizativas que orientan os procesos de ensinanza-aprendizaxe, contando con especialistas de apoio nas distintas disciplinas que o alumnado require.
- **Escola democrática e activa:** que fomenta o diálogo e a tolerancia para crear una convivencia positiva e agradable. Unha escola na que non so cabemos todos, se non que animamos a todos os membros da comunidade educativa a participar e fomentar en parte das actividades que se levan a cabo no centro. Contando con espazos para o alumnado, profesorado, o ANPA e os país/nais.
- **Escola resolutiva e reparadora:** que conta con programa de mediación escolar para ensinar ao alumnado a reparar os pequenos

conflictos coa axuda dos mestres/as, desenvolvendo o autocontrol, o respecto e a empatía polos sentimentos propios e alleos.

- **Escola inclusiva:** que favorece as desigualdades sociais, culturais e económicas do alumnado, ofrecendo innumerables recursos educativos como unha gran biblioteca escolar acollida ao PLAMBE e que conta con múltiples espazos dedicados a diferentes fins, como: busca de información, lectura de lecer, recuncho de xogos de mesa, recuncho de arte, recuncho de robótica, recuncho de gravacións, entre outros.

3.0 CENTRO

3.1. INSTALACIÓNS

Edificio de dirección:

O CEIP Sestelo- Baión consta dun recinto de máis de 7.600m² e un só edificio de dúas plantas (1) que alberga todas as aulas e dependencias da escola. Na planta baixa atópanse as aulas de infantil, secretaría, conserxería, dirección, salón de actos e comedor, aula de pedagogía terapéutica, sala de mestres e mestras, titorías de educación física, almacén, sala de caldeiras, sala de familias, recuncho de lectura e servizos para nenas e nenos.

Na planta superior, na que tamén hai servizos, sitúanse as aulas de primaria así como a sala TIC, a biblioteca, aula de inglés, aula de música e diversas titorías e almacéns. O centro dispón de ascensor. Este edificio principal ten unha fachada aproximada de 60 m de longo e 20 m de fondo.

No exterior hai unha pista (2) equipada con portátiles e canchais e valada por un muro. Ademais, existe un campo de fútbol (3) e un edificio hai un recinto exterior, unha zona de recreo (4) e un punto (5).



3.2. HORARIOS XERAIS DO CENTRO

O centro ten xornada continua, con tempo lectivo de 09:00h a 14:00h, de luns a venres e de setembro a xuño. É de carácter obrigatorio na etapa de Educación Primaria. A biblioteca escolar abre as súas portas tamén en horario de tarde, de luns a xoves de 16:00h a 18:00h. na que o alumnado poderá asistir acompañado sempre dun adulto.

Os servizos de comedor e Plan Madruga, así como as actividades extraescolares establécense con carácter voluntario pero vinculado ao servizo e espazo educativo onde se desenvolven, polo que son aplicables as Normas de Organización e Funcionamento do Centro. Completamente xestionadas pola ANPA e o Concello.

Horarios dos servizos complementarios

Plan Madruga: de 07:30h a 09:00h

Comedor: de 14:00h a 16:00h.

Actividades extraescolares: de 16:00h a 18:00h

3.3. OFERTA EDUCATIVA, ÁREA DE INFLUENCIA E CENTROS ADSCRITOS

Actualmente impártense no centro as ensinanzas correspondentes ao Segundo Ciclo de Educación Infantil e os seis cursos de Educación Primaria, cunha unidade mixta en E. Infantil e unha única liña en E. Primaria.

O IES Faro das Lúas é o centro adscrito no que o alumnado de 6º curso continúa os seus estudos, polo que se intenta coordinar na medida do posible a oferta educativa do centro para que exista unha continuidade na etapa de Educación Secundaria.

3.4. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

O centro conta cos seguintes servizos complementarios:

- **Plan madruga**, en horario de 07:30h a 09:00h. Este servizo é ofertado polo Concello de Vilanova de Arousa e desenvólvese segundo as condicións estipuladas por este organismo.
- **Comedor escolar**, en horario de 14:00h a 16:00h. Este servizo é ofertado pola ANPA do centro e desenvólvese segundo as condicións estipuladas por esta asociación.
- **Transporte escolar**, xestionado pola Consellería de Educación, Formación Profesional e Universidade.

3.5. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

As actividades extraescolares terán un carácter voluntario, subvencionado ou gratuito. En ningún caso poderán ser motivo de discriminación algunha ou obxecto de negocio.

Na actualidade a ANPA oferta actividades extraescolares no horario que figura no punto 3.2.

3.6. PLAN DE AVALIACIÓN DO CENTRO

Establécese unha avaliación que axude á comunidade educativa a mellorar a calidade dos procesos de ensinanza e aprendizaxe, a organización e funcionamento do centro, as relacións coa contorna e a formación dos mestres/as e familias.

Terá unha temporalización de 4 anos e estará organizada en torno aos seguintes ámbitos de actuación:

- Procesos de ensinanza e aprendizaxe.
- A organización e funcionamento.
- As relacións coa contorna.
- Os procesos de avaliación, formación e innovación.

O equipo directivo será o encargado de planificar o proceso de avaliación anualmente, concretando os ámbitos obxecto de avaliar na PXA. As conclusións e propostas de mellora recolleranse na Memoria Anual que se remite á Inspección Educativa ao finalizar o curso escolar.

Os resultados da devandita avaliación confrontaranse cos de anos anteriores para comprobar o grao de evolución e tomar decisións que contribúan á mellora da calidade do servizo educativo.

A avaliación do proceso de ensinanza e aprendizaxe será revisada polos órganos de coordinación docente de forma continuada durante o curso, asegurando unha coordinación entre os distintos niveis e ciclos.

PROCESO DE ENSINANZA E APRENDIZAXE	1º ano	2º ano	3º ano	4º ano
Recursos materiais, funcionais e persoais: <ul style="list-style-type: none"> - Infraestruturas e equipamento. - Corporación e características do profesorado. - Características e número de alumnado. - Distribución de tempos e espazos. 	X			X
O currículo: <ul style="list-style-type: none"> - Programacións didácticas. - Plan de Atención á Diversidade. - Plan de Acción Titorial. 	X	X	X	X
Resultados académicos do alumnado.	X	X	X	X
ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO	1º ano	2º ano	3º ano	4º ano

Documentos programáticos do centro	X			X
Funcionamento: - Órganos de goberno e de participación. - Administración, xestión económica e servizos complementarios.		X	X	
Convivencia	X	X	X	X
RELACIÓNS COA CONTORNA	1º ano	2º ano	3º ano	4º ano
Características da contorna	X			X
Relacións con outras institucións	X			X
Actividades extraescolares e complementarias	X	X	X	X
PROCESOS DE AVALIACIÓN, FORMACIÓN E INNOVACIÓN	1º ano	2º ano	3º ano	4º ano
Avaliación, formación e innovación	X	X	X	X

4. OBXECTIVOS

	Obradoiros abertos.	Temporalización		
		1º Ano X		
	Colaborar cos pais e nais.			
	Todo o profesorado			
	Dependencias do centro, material funxible e non funxible aportado polas familias e polo propio centro.			
	As familias na escola.	Temporalización		
		1º Ano ☒		
	Colaboración de pais e nais			
	Todo o profesorado e familias			
	Dependencias do centro, material aportado polas familias e polo propio centro.			
	Favorecer o intercambio e a interrelación dos distintos equipos compartindo tarefas e actividades do PDI elixido para cada curso escolar.	Temporalización		
		1º Ano ☒		
	Porcentaxe de actividades realizadas de forma colaborativa e interdisciplinaria.			
	Todo o claustro			
	Recursos biblioteca, material funxible, recursos TIC.			

	Elaborar propostas de actuación nas reunións dos equipos docentes e dos órganos de coordinación docente e trasladalas á CCP e Claustro.
	Temporalización
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
	Todos os equipos realizan polo menos unha proposta de actuación durante o curso.
	Todo o claustro
	Recursos TIC, reunións de equipo, CCP e Claustro.
	Iniciación á robótica e adquisición do uso responsable da internet.
	Temporalización
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
	Manexo dos robots e actividades de formación de usuarios.
	Equipo TIC
	Robots, tabletas, portátiles, proxectores, encerados interactivos, ordenadores e outros recursos TIC.
	Formar ao profesorado e alumnado no uso de ferramentas TIC.
	Temporalización
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
	Coñecementos teóricos, prácticos e actitudinais relacionados coas tecnoloxías. Aprendizaxe do uso dos ordenadores e dos seus múltiples periféricos.
	Utilizacións de programas de uso xeral para o alumnado.
	Equipo TIC
	Recursos TIC.
	Desenvolver o Programa de Habilidades Sociais e apadriñamentos.
	Temporalización
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
	Participación de todo o alumnado en todas as actividades de centro.
	Todo o profesorado e alumnado.
	Material funxible, recursos TIC e recursos humanos.

5. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA

5.1. ÓGANOS DE GOBERNO UNIPERSOAIS

O CEIP Sestelo-Baión, polas súas características respecto ó número de unidades conta cos seguintes órganos unipersoais de goberno:

Director/a, Xefe/a de estudos e Secretario/a.

Os tres constitúen o Equipo Directivo e traballarán en todo momento de forma coordinada e sempre tendo en conta ao Centro e á Comunidade Educativa como referente.

As funcións e competencias destas figuras axustaranse en todo momento á lexislación vixente.

5.2. ÓRGANOS COLEXIADOS

Os órganos colexiados de goberno do CEIP Sestelo-Baión son os seguintes:

CONSELLO ESCOLAR

É o órgano máximo de participación dos diferentes sectores da Comunidade Educativa. Estará composto dos seguintes membros:

- **O Director/a do centro**, que actuará como presidente/a.
- **O Secretario/a**, que actuará como tal no Consello. Terá voz pero non voto.
- **Xefe/a de estudos.**
- **Cinco representantes dos mestres/as** elixidos democraticamente.
- **Cinco pais/nais** elixidos democraticamente polas familias.
- **Un representante do Concello**, designado polo mesmo.
- **E un representante de Persoal de Administración e Servizos.**

Todo o relativo á composición, elección e renovación dos seus membros axustarase á lexislación vixente.

CLAUSTRO

É o órgano de participación de todos os mestres/as do Centro; a composición, réxime, funcionamento e competencias deste órgano axustarase á lexislación vixente.

Estará formado por todos os mestres/as que presten servizos no Centro e estará presidido polo/a Director/a.

5.3. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

A.CCP

A comisión está formada por:

- O director/a.
- O xefe/a de estudos.
- O coordinador/a de E. Infantil e E. Primaria.
- Departamento de Orientación.
- O coordinador/a da biblioteca escolar.
- O coordinador/a do EDLG.

Reunirase o **1º martes de mes** (de 17:00 a 18:00h.) e realizará **unha sesión extraordinaria ó comezo de curso e outra ó finalizar o mesmo.**

B.DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Formado por:

- **Orientador/a** con centro base no CEIP Plurilingüe San Bartolomé.
- **Mestre/a de Pedagogía Terapéutica** a tempo completo.
- **Mestre/a de Audición e Linguaxe** que tamén presta servizos no CEIP Plurilingüe San Bartolomé.
- A asistencia e funcións do persoal do citado Equipo ateranse en todo momento á lexislación vixente e ao recollido nos seus planes de actuación.

As reunións serán unha vez ao trimestre, cunha extraordinaria ao inicio do curso e outra á finalización do curso escolar e sempre que se estime oportuno.

C.EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Formado polo menos polo coordinador/a e por dous mestres/as e un representante do persoal de servizos do centro.

As reunións serán unha vez ao mes e sempre que se estime oportuno.

D. EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Formado polo coordinador/a e por dous mestres do claustro non itinerantes.

As reunións serán unha vez ao trimestre e sempre que se estime oportuno.

E. EQUIPO DE BIBLIOTECA

Estará formado polo coordinador/a e polo menos tres mestres/as do claustro. O coordinador/a rotará cada dous anos entre os docentes que teñan praza definitiva no centro, preferentemente.

As reunións serán unha vez ao mes e sempre que se estime oportuno. As funcións serán as marcadas pola Orde do 17 de Xullo do 2007, DOG 24 de Xullo.

F. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DAS TIC

Estará formado polo coordinador/a e polo menos un mestre/a do claustro.

As reunións serán polo menos unha vez ó trimestre e sempre que o equipo o estime oportuno. As funcións serán as marcadas pola Orde do 17 de Xullo do 2007, DOG 24 de Xullo.

5.4. EQUIPO DE CICLO (INFANTIL), EQUIPO DOCENTE (PRIMARIA)

Estarán formados polo titor/a correspondente e os mestres/as especialistas que imparten docencia no grupo.

As xuntanzas levaranse a cabo o **primeiro martes de cada mes** (de 18:00 a 19:00h.) e tamén cando os seus membros o estimen oportuno.

6. DOCUMENTOS QUE FORMAN PARTE DO PROXECTO EDUCATIVO

PROXECTO EDUCATIVO	Responsables da elaboración	Data Aprobación	Próxima revisión
Proxecto educativo (este documento)	Equipo directivo	11-06-19	11-06-23
Concreción curricular	CCP Claustro Departamentos	29-06-17	29-06-21
Plan Xeneral de Atención á Diversidade	Depto. Orientación	26-03-19	26-03-23
Plan de orientación (POA-Primaria/POAP-Secundaria)	Depto. Orientación	06-10-2015	06-10-2019
Plan acción Titorial	Depto. Orientación Titores	06-10-2015	06-10-2019
Normas Organización e Funcionamento	Equipo directivo Profesorado	12-06-18	12-06-22
Plan de convivencia	Comisión Convivencia	12-06-18	12-06-22
Proxecto Lingüístico	Equipo dinam. Lingua galega	09-10-2018	09-10-22
Proxecto Lector	CCP Profesorado	09-10-2018	09-10-22
Plan Biblioteca	Coordinador Biblioteca Equipo de apoio	05-06-2018	09-10-22
Plan Integración das TIC (educación dixital)	Equipo de dinam. TIC	03-10-2017	03-10-21
Promoción estilos de hábitos saudables	Equipo Específico		
Plan innovación e formación permanente do profesorado.	CCP Equipo directivo	12-06-18	12-06-22
Plan Autoprotección-Plan evacuación	Equipo directivo Profesorado	09-10-2018	09-10-2022
Programa colaboración e participación familias	Equipo directivo ANPA		
Participación programas institucionais	Equipo directivo		

7. REVISIÓN, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA

O presente documento, **así como todos os que figuran na táboa anterior**, deben ser revisados de forma global cada 4 anos. En calquera caso, poderanse modificar sempre que as circunstancias o esixan, concretándoo e avaliándoo de forma indirecta a través do Plan Xeral Anual e a Memoria Anual.

Elaborarase unha temporalización a fin de introducir melloras no mesmo ao remate dos catro anos ou cando as circunstancias así o esixan.

Os aspectos a avaliar serán os seguintes:

- Elaboración do PE.
- Formulación escrita.
- Aplicación.

Ademais , solicitaranse informes sobre a aplicación a membros da comunidade educativa e nomearase unha comisión para facer un estudo valorativo do mesmo e unha sesión valorativa coa Inspección Educativa.